

CONCELLO DE POIO

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO TRESCENTOS NOVENTA E CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL SETE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta e cinco minutos do día trinta e un de xullo de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D^a. María Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel Angel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; asiste como Secretario Provisional. D. Jacobo Barreiro Pimentel, asintindo como Interventora a da Corporación D^a. Olga Rodríguez González; reuníronse no Salón de Sesiós en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3004.-.APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DE DATA 5 DE XULLO DE 2007.- Dáse conta da acta anterior de data 5 de xullo de 2007, esta quedou aprobada por unanimidade.

3005.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución de acordos precedentes, e que son os que seguen: "2995.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 2996.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 2997.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS 5 COLEXIOS E IES DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos cinco colexios e IES de Poio; 2998- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO ADR PRODER II, MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao ADR PRODER e ao Concello de Pontevedra; 2999.- PROPOSTA DOS GRUPOS POLÍTICOS DE NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL, CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER E CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3000.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3001.- PROPOSTA DA

ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3002.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DOS SEUS VOCEIROS E SUPLENTE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3003.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE, PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES, DELEGACIÓNS ESPECIAIS E DAS PRESIDENCIAS DOS CONSELLOS MUNICIPAIS DA MULLER E CULTURA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia."

A corporación dáse por enerada.

3006.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo Sr. Secretario dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario; a corporación dáse por enterada.

3007.- URBANISMO, DAR CONTA DO DITAME DA COMISIÓN DE URBANISMO SOBRE ELECCIÓN DE VICEPRESIDENTE E DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DA DEVANDITA COMISIÓN.- Dáse conta á corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 10 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Dase conta do Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2007 polo que se designa Presidente desta Comisión informativa ó concelleiro D. Francisco Piñeiro Murillo e da proposta da Alcaldía da mesma data pola que se propón que as sesións desta Comisión se realicen tódolos martes de cada semana as 08,00 horas da mañá en primeira convocatoria e quince minutos mais tarde en segunda convocatoria.

Ós efectos de elixir vicepresidente desta Comisión, propoñéndose os seguintes candidatos:

os membros desta Comisión, propoñen e designan como vicepresidente ó concelleiro D. Gregorio Luís Agís Gómez

Do mesmo xeito os membros desta acordan prestar conformidade á proposta da Alcaldía, establecendo que as sesións desta Comisión Informativa de Urbanismo se realicen as 8,00 horas de cada martes, e no caso de este non fose hábil a sesión realizarse o seguinte día hábil."

A Corporación dáse por enterada.

3008.- DAR CONTA DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE A SÚA CONSTITUCIÓN, NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTE E APROBACIÓN DÍAS E HORAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Estando presentes todos os titulares da comisión quedou ésta constituída e composta polos seguintes concelleiros: D. Xulio Barreiro Lubián, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D^a M^a Luz Senra Lorenzo, D^a. Gregorio Luís Agís Gómez, D^a. Consuelo

Besada Lores, D. Javier Domínguez Lino, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D. Angel Moldes Martínez e D. Manuel Domínguez Álvarez; igualmente dáse conta á comisión de que por Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2007 desígnase a D. Xulio Barreiro Lubián como presidente da comisión.

Seguidamente procédese ó nomeamento do Vicepresidente da comisión propoñendo o Sr. Presidente para dito cargo a D. Gregorio Luís Agís Gómez, prestando conformidade á proposta dito concelleiro, e non habendo máis propostas procédese á votación, quedando nomeado como Vicepresidente dito concelleiro por unanimidade.

Asímesmo a comisión presta conformidade ó acordo do pleno do concello do día 5 de xullo de 2007, quedando fixadas para o terceiro martes de cada mes, ás tres horas e quince minutos, os días e horas de celebración das sesións ordinarias da comisión."

A Corporación dáse por enterada.

3009.- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO NA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR EN SAMIEIRA.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Neste momento entran no salón de sesións os concelleiros D^a M^a Luz Senra Lorenzo e D. Miguel Anxo Pazos Barros. Dáse conta do expediente e do acordo do Pleno da anterior corporación de data 29 de maio de 2007 no que acordaron por unanimidade deixar pendente este asunto e que se trate unha vez constituída esta nova corporación.

O Sr. Domínguez Lino manifesta seguir en desacordo con este tema xa que non se lles contestou nada sobre preguntas que se fixeron no seu día como coste da integración e os metros reais da finca.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que 1º) Monte Baldío no lugar de Raxó é un monte veciñal pero que os veciños teñen que reclamalo como tal monte veciñal e isto en Raxó non se fixo e polo tanto ese terreo é do Concello. 2º) sobre os metros cadrados da finca, se alguén sabe onde están situados os marcos poderíase medir. O catastro marca uns metros e son cos que contamos 3º) O coste da integración son os costes da urbanización e servizos exteriores para a propia urbanización e o proxecto está valorado en 6.000.000.- euros. Non é unha mala inversión porque esa parcela costaría bastante máis.

O Sr. Domínguez Lino di que o seu grupo político vai votar en contra da integración.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación de incorporarse o Concello á Xunta de Compensación, como propietario da parcela 1082".

Antes de proceder á votación o Sr. Alcalde auséntase da sesión plenaria ao absterse debido a súa incursión nunha das causas de abstención establecidas no artigo 29 da Lei 30/92, do 26 de novembro. Pasa a presidir a sesión a 1ª Tenente de Alcalde Dª. Consuelo Besada Lores en virtude do establecido no artigo 47.2 parágrafo 3º do ROF 2568/1986, 28 de novembro.

Sometido a votación a aprobación da incorporación do Concello na Xunta de Compensación do solo rústico apto para urbanizar en Samieira este quedou aprobado por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do P.P. e ningunha abstención.

3010.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DUN REPRESENTANTE DO CONCELLO PARA QUE FORME PARTE DO CONSELLO RECTOR DA XUNTA DE COMPENSACIÓN E DA ASEMBLEA.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente sobre designación dun representante do concello que forme parte do Consello Rector da Xunta de Compensación e da Asemblea.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou propor ao Pleno que designe a D. Xulio Barreiro Lubián como representante titular e a D. Francisco Piñeiro Murillo como representante suplente do Consello Rector da Xunta de Compensación e a D. Francisco Piñeiro Murillo como representante titular e a D. Xulio Barreiro Lubián como representante suplente para que participen na Asemblea Xeral.

Antes de proceder á votación o Sr. Alcalde auséntase da sesión plenaria ao absterse debido a súa incursión nunha das causas de abstención establecidas no artigo 29 da Lei 30/92, do 26 de novembro. Pasa a presidir a sesión a 1ª Tenente de Alcalde Dª. Consuelo Besada Lores en virtude do establecido no artigo 47.2 parágrafo 3º do ROF 2568/1986, 28 de novembro.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa este quedou aprobado con 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención quedando designado D. Xulio Barreiro Lubián como representante titular e a D. Francisco Piñeiro Murillo como representante suplente do Consello Rector da Xunta de Compensación e a D. Francisco Piñeiro Murillo como representante titular e a D. Xulio Barreiro Lubián como representante suplente para que participen na Asemblea Xeral.

Neste momento entra no Salón o Sr. Alcalde, pasando a presidir a sesión plenaria.

3011.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTES NO FONDO GALEGO DE SOLIDARIDADE E COOPERACIÓN.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do escrito do Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade de data

18 de xuño de 2007 e data de entrada no Rexistro de Entrada dos Servizos Sociais do Concello de Poio de data 6 de xullo de 2007 no que solicitan designación da persoa que obstará a representación da entidade no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e da proposta da Alcaldía de data 11 de xullo de 2007 na que se propón a esta Alcaldía como representante titular e como representante suplente a D^a Rosa Fernández González; así mesmo esta alcaldía propón como representante técnico titular deste Concello no devandito Fondo a D^a Ana Campos Comín e como representante suplente a D^a Helena Martínez Epifanio.

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó pleno a súa aprobación."

A corporación por unanimidade aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, quedando designado como representante titular deste Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade D. Luciano Sobral Fernández e como representante suplente a D^a. Rosa Fernández González; así mesmo queda designada como representante técnica titular deste Concello no devandito Fondo D^a. Ana Campos Comín e como representante suplente a D^a. Helena Martínez Epifanio.

3012.- PROPOSTA APROBACIÓN DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta da proposta da alcaldía de data 13 de xullo de 2007 que propón as contías para as retribucións (brutas e mensuais cun devengo de catorce pagas anuais) son as seguintes:

- Alcalde, Luciano Sobral Fernández: 2.281,54 euros
- Consuelo Besada Lores, dedicación exclusiva: 2.281,53 euros
- Rosa Fernández González, dedicación exclusiva: 885,58 euros
- Silvia Díaz Iglesias, dedicación exclusiva: 885,58 euros

Igualmente dáse conta do informe favorable da Intervención Municipal de data 13 de xullo de 2007.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó pleno a súa aprobación, con efectos retroactivos ao día da constitución da corporación municipal."

O Sr. Domínguez Lino di que o Grupo Popular vaise abster como xa fixeron na comisión de facenda e que agora se está a facer en Poio o que ata agora se viña criticando cos soldos doutros alcaldes de distinto partido, o que pasa en Poio e que se cobra en dúas partes, xa que agora fan dúas dedicacións exclusivas

O Sr. Alcalde contesta que o soldo desta lexislatura é o mesmo que o de outros anos, sendo a intervención do Sr. Domínguez feito a mala fe.

O Sr. Barreiro Lubián di que por esa regra de tres hai concellos que teñen nove alcaldes, existe mala fe nestas cuestións.

A Sra. Besada Lores di que se está a falar por falar xa que coas dúas dedicacións exclusivas deste Concello non se chega aos soldos doutros alcaldes do P.P. xa que cobran moito máis.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión de Facenda sobre a aprobación das dedicacións exclusivas este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións (P.P.), tendo as mesmas efectos retroactivos ao 16 de xuño de 2007, e que se comunique este acordo á Intervención e Tesourería Municipal.

3013.- PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE ASIGNACIÓNS A CONCELLEIROS E GRUPOS POLÍTICOS POR ASISTENCIAS A SESIÓNS.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada o 17 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 13 de xullo de 2007, propoñendo para a nova corporación as seguintes asignacións aos grupos políticos que entrarán en vigor a partir do inicio de próximo exercicio 2008, manténdose ata ese momento as contías aprobadas na base 51^a das Bases de Execución do Orzamento:

a) Por cada asistencia a sesións da Xunta do Goberno Local: Vogais 80 euros por sesión; indemnizarse, como máximo, cincuenta e dúas sesións ó ano.

b) Por cada asistencia a sesións de Comisións Informativas: Presidente 64 euros por sesión e vogais 40 euros por sesión; indemnizarse, como máximo, doce sesións ó ano, agás á Comisión de Urbanismo que se indemnizarán cincuenta e dúas sesións ó ano, como máximo.

c) Por asistencia as sesións do Pleno da Corporación: Delegados 160 euros por sesións; resto de concelleiros 80 euros por sesión; indemnizarse, como máximo, doce sesións anuais.

d) Asignacións ós Grupos Políticos que compoén a Corporación: a cantidade fixa para cada Grupo Político de 160 euros por mes, maila cantidade adicional de 160 euros mensuais por cada concelleiro do grupo.

Dándose conta do informe da intervención municipal, de data 13 de xullo, manifestando que a proposta é aplicar estas contías a partir de xaneiro de 2008 por o que será necesario dotar do crédito necesario o vindeiro orzamento as partidas nas que corresponde aplicar os gastos realizados.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a

aprobación da proposta da alcaldía.”

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión de Facenda este quedou aprobado por unanimidade e que se comunique este acordo á Tesourería e Intervención Municipal.

3014.- INTERVENCIÓN, FISCALIZACIÓN FACTURAS SEN CRÉDITO.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Facenda de data 17 de xullo de 2007 que di o que segue: “Dáse conta do expediente e dos informes da intervención municipal de data 11 de xullo de 2007 no que se formulan Reparos con relación ás facturas da relación que se xunta que ascenden á cantidade de 144.019,27 euros o cal determina a suspensión da tramitación do expediente e resolución da discrepancia por o Pleno; Os mencionados informes de reparo consisten, en primeiro lugar, o do día 11 de xullo, na inexistencia de crédito para aprobar as facturas da relación que contén o expediente e que ascenden a un total de 144.019,27 euros e, en segundo lugar, o do día 12 de xullo refírese a unha das facturas que compoñen a mencionada relación (fra nº 2007/A 2065 da empresa Enmacosa S.A. por importe de 14.949,33 euros) reparando a contratación directa sen procedemento de licitación do contrato de consultoría e servizos a o que se refire a mencionada factura.

O Sr. Domínguez Lino manifesta estar en contra deste punto xa que sobre o orzamento do 2007 no mes de marzo aprobaronse facturas extraordinarias e agora presentan máis que nos pon en 200.000.000.- das antigas pesetas. O P.P. será alarmista pero esa cantidade está ahí e sen crédito. Seguimos afirmando que existe unha mala planificación e o nivel de endebedamento é moi alto.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que son facturas con respaldo económico para facerlles frente. En canto á mala planificación económica será segundo o P.P. pero o estado do Concello é favorable e o nivel de endebedamento baixou ata o 68% aproximadamente.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou o levantamento dos dous reparos indicados anteriormente e a posterior aprobación das facturas unha vez que se dispoña do crédito necesario mediante a oportuna modificación presupuestaria.”

O Sr. Domínguez Lino reitera a posición defendida na comisión de facenda xa que o Concello está a realizar gastos elevados que demostran unha nefasta planificación coas continuas modificacións orzamentarias.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que estes gastos son de contía elevada pero que hai que realizalos, o complexo é a tramitación administrativa, pero sabemos que estes gastos están respaldados polos ingresos e que non supoñen un déficit para o Concello.

Nefasta situación económica, nós non diríamos iso, xa se poñía fai tempo co Sr. Balea, agora xa non penso tanto na

situación económica do Concello porque é mellor con tendencia a mellorar e seguiremos nese camiño.

A Corporación con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra (P.P.) e ningunha abstención, acordou o levantamento dos dous reparos indicados e a aprobación das facturas unha vez que se dispoña o crédito necesario mediante a oportuna modificación orzamentaria.

3015.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 16/2007, SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda de data 17 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Dáse conta do expediente que consta dunha memoria da alcaldía de data 12 de xullo de 2007, providencia da alcaldía de data 11 de xullo de 2007, informe da intervención municipal de 12 de xullo de 2007 e certificación da interventora municipal de data 12 de xullo de 2007 sobre a aprobación dunha modificación do orzamento vixente mediante Suplemento de crédito por un importe total de 707.000,00 euros para gastos xerais.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o Grupo Municipal do PP vai votar en contra e pedimos ós novos membros da corporación que exista un control exhaustivo das contratacións públicas correspondentes e que se ven manifestando pola interventora en todos os seus informes.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que aclare que contratos e que tipo de subministros.

O Sr. Domínguez Lino di que principalmente na reparación de vehículos xa que en 3 anos de reparacións páganse facturas por importe de 300.000 euros aproximadamente e creemos que eso é demasiado.

O Sr. Barreiro Lubián di que non se plantexa facer un concurso para as reparacións dos vehículos, existen moitos costes; estanse a quitar os datos de lugar.

É moi difícil facer un concurso deste tipo, fixéronse outros concursos e salvo o de electricidade todos quedaron desertos.

A Concelleira Besada Lores manifesta que por alusións dicir que o Grupo PSOE ten a intención de seguir as ordes da intervención municipal e que está de acordo que saia a concurso todo o material.

No tema de reparacións de vehículos o equipo de goberno non pode prever o número de reparacións anuais que se van facer.

Vanse pedir subvencións para distinta maquinaria para cambiar este parque móbil que temos que está tan antigo.

O Sr. Moldes Martínez di que ao mellor sería máis rentable comprar un novo que estar reparando.

O Sr. Domínguez Lino di que hai que facer unha boa xestión, ver a cantidade que existen de reparacións e se compensan.

O Sr. Barreiro Lubián di que os vehículos andan en varias mans e iso non se pode salvar. O mantemento dos vehículos é costosísimo.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación."

O Sr. Barreiro Lubián di que todos os días está lendo nos distintos medios novas que plasman un remanente de tesourería que non é certo remontándose incluso á prehistoria. O Sr. Domínguez minte e repítese ata crer o que di. Esta modificación cubre necesidades executadas ou por executar, isto sinxelamente é tramitación administrativa que hai que cumprir.

"O Sr. Domínguez Lino di que a este punto o Partido Popular denominao como os "gastos electorais" do BNG e do Sr. Sobral. Por iso non entendemos o apoio que vai demostrar o Partido Socialista xa que así se converte en cómplice do pagamento dos gastos do zafarrancho electoral realizado polo Sr. Sobral para manterse no sillón da alcaldía.

Por certo que lle valeu para manterse no sillón pero non para obter o obxectivo do BNG de seguir coa maioría absoluta que tiña até o de agora, senón que os veciños de Poio castigaron ao Sr. Sobral con ser o segundo partido de Poio e o segundo candidato con máis votos, detrás sempre do P.P.

Zafarrancho electoral do BNG e do Sr. Sobral xa que non é normal (e aos datos nos remitimos) que en 6 meses do ano xa gastásemos 145.000 € orzamentados para pavimentacións de viais e queren aprobar outros 110.000 € o que fai un total de 255.000 € en pavimentación de viais cerca de 50 millóns das antigas pesetas en solo 7-8 meses e diránnos que isto non é electoralista, senón que era necesario, pero os datos están ahí e así se pode demostrar.

Igualmente, hai orzamentados para o ano 2007 160.000 € e queren incrementalos en 160.000 €, é dicir, 36 millóns das antigas pesetas e isto tamén sería para pagar os derroches e gastos electorais do Sr. Sobral. E isto así o saben os concelleiros do PSOE, que son coñecedores de como un veciño levaba pedindo un punto de luz fai tempo, e en plenas eleccións dixéronlle que pasase polo Concello, que tanto o BNG como o Sr. Sobral teñen en plena campaña unha "sensibilidade" maior nestes temas e así o fixo o veciño, e cal sería a sorpresa deste, cando comproba que ao día seguinte da súa petición no Concello non tiña soamente un punto de luz senón que lle colocaran tres puntos de luz, os cales cree que son excesivos, esaxerados e malos para a saúde. E isto o saben e son coñecedores os compoñentes do PSOE, polo tanto coa súa aprobación están aprobando actitudes caciquís do Sr. Alcalde. Por non falar das entregas de material, asfaltados ata dentro de vivendas... e que a partir de agora e en pequenas doses pagaremos relixiosamente. Esta semana na Xunta de Goberno xa se pagaron as primeiras facturas a unha empresa polo importe de 20.000 € en diversos conceptos e que vostedes irán repartindo por partes para

disimular.

Xa llo dixemos na Comisión de Facenda e volvémosllo a reiterar neste Pleno aos novos integrantes do equipo de goberno do Partido Socialista. E isto non llo di soamente o PP senón que tamén nos baseamos nas denuncias e reparos que fai a Intervención Municipal sobre as malas, desastrosas e nefastas prácticas do BNG en diversos aspectos.

E onde, cunha xestión eficaz, cousa que non se fixo ata agora con este goberno municipal, outra política e planificación económica é posible en Poio.

Xa non valen sorrisos, abrazos e asfaltados, senón que Poio necesita unha xestión eficiente e eficaz que xa nos demostraron que o BNG é incapaz de realizar nos seus doce anos de goberno.

E baseámonos en denuncias e peticións públicas xa realizadas polo PP durante estes anos e ignoradas polo BNG. Ademais, están apoiados polos informes e reparos continuos da Intervención Municipal.

Xa tivemos unha discusión na Comisión de Facenda, por certo discusión que serviu para que algún concelleiro xa encontrara ao día seguinte o alugamento dalgunha máquina (que ata ese día dicía que non existía empresa que o fixera) discusión na que non entendemos como un Concello con 25-30 vehículos se pode gastar en reparacións nun ano máis de 22 millóns das antigas pesetas e nos últimos tres anos máis de 50 soamente en reparacións.

E como exemplo, para non aburrilos como nunha factura de xuño do 2007, en arranxos dun Land Rover valorado en 4.507 € gastamos nunha soa reparación 4.020 €; isto é o que vimos denunciando e criticando, cun remprazamento gradual dos vehículos antigos que teremos seguramente aforrariamos todos eses millóns que pagamos anuais ao final da cada ano.

Estámoslle pedindo e propoñendo outra maneira de facer política non se pode consentir que non se fagan concursos públicos para subministro ao concello, non se pode consentir que haxa traballadores que leven máis de 250, 300 e 350 horas extraordinarias cando a lei soamente permite como máximo 80 horas e este exceso neste mes de xullo cóstanos máis de 16.000 €, outro gasto que debemos soportar dos gastos electorais do Sr. Sobral.

En definitiva, Sr. Sobral, Sra. Besada o P.P. vota en contra desta modificación de crédito xa que non estamos dispostos a apoiar os gastos "electoralistas" do Sr. Sobral e cremos e propoñemos outras políticas e planificacións económicas que como hoxe aquí se demostra as levadas a cabo polo Sr. Sobral son ineficientes, ineficaces e incluso moitas delas de dubidosa legalidade e repito que non o di o P.P. senón que o explica moi claro cada mes nos seus reparos a Intervención Municipal e que o Alcalde cos seus decretos os levanta sen cambio de actitude.

Existen outras maneiras de facer política Sr. Sobral e

que o P.P. polo ben dos nosos bolsillos e para o correcto cumprimento da lei lle pedimos, como xa levamos pedindo durante estes últimos anos a empece a aplicar.”

O Sr. Barreiro Lubián di que en vez dunha intervención nun pleno parece que estemos ante un mitin do P.P.

Houbo castigo pero nos estamos neste lado no cal vos queriades estar.

Entrando en materia, se existen gastos é porque existen necesidades e nos o que facemos en definitiva é mellorar as condicións dos veciños de Poio. O que preocupa aquí, é que fagamos as cousas non que non a fagamos.

O recoñecemento faise este ano e o máis probable é que para o ano non se faga. Dicir que isto xa se facía noutras etapas pero cun orzamento menor.

É moi difícil prever os gastos que se van a dar ao longo dun ano.

O Land Rover é un vehículo co que os traballadores están a gusto con el e prefírenlo en vez doutro, ademais é un vehículo que se usa por moitos traballadores.

Neste concello leváronse a cabo varios concursos públicos e quedaron desertos.

No referente ás horas extras dicir que se fan porque se traballa.

A Sra. Besada Lores di que ela non aproba nada aquí quen aproba as cousas é o grupo de goberno.

O zafarrancho de combate foi institucionalizado polo P.P., xa que é unha práctica electoral deles.

Referente ao alugamento da pala, alugouse no momento que a municipal rompeu; o PSOE espera que este goberno sexa eficaz e eficiente, e as cousas estanse a facer legalmente da mellor forma.

O Sr. Alcalde manifesta que o P.P. fala de zafarrancho de combate e outras máis cousas, dicir que no mes de outubro tivemos situacións que nos obrigaron a tomar decisións rápidas e investimentos fortes para facerlles fronte, pero foron decisións favorables aos veciños, dando lugar esta situación a realizar horas extras.

A partida do alumado é elevada, motivada por unha orde de industria e solicitouse esa subvención, que se mitigará se nola conceden.

Referente ao veciño que se lle colocaron “tres puntos de luz” gustaríame saber quen é e en que momento falou co Alcalde, extraname moito que alguén esperase por un punto de luz tres anos e se non está a gusto pódense retirar.

Por outra banda, tamén me gustaría saber e que vostede publicamente dixese cal é o camiño privado que se asfaltou.

O Sr. Domínguez Lino contesta que cando se refire a 16.000 € de horas extraordinarias non son as do mes de outubro senón ás que se aprobaron por Decreto no mes de xuño e non son precisamente a das riadas; o Sr. Barreiro sempre fala de demagogia

pero é el quen quita a relucir as cousas que facía o P.P.

E por outra parte, dicir que publica e graficamente se demostrou cal era o camiño privado onde se estaban a realizar traballos por maquinaria municipal.

O Sr. Alcalde contesta que se trata dun camiño público tal e como quedou demostrado.

O que non se pode facer é mintir continuamente nin dicir cousas a medias.

O Sr. Barreiro Lubián di que ata o de agora sempre apreciou aos compañeiros do Partido Popular cousa que non pode dicir agora e o que non se pode facer é mintir ou dicir as cousas a medias.

O Sr. Barreiro Lubián chámalle ao Sr. Domínguez Lino "retrasado mental e mona" (insultos que foron posteriormente retirados).

O Sr. Martínez Blanco di que todo o mundo fai zafarranchos de combate, o que lle pasaba ao P.P. é que deixan un remanente aos que entran despois.

Sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda este quedou aprobado con 10 votos a favor (7 BNG e 3 P.S.O.E.), 7 votos en contra (P.P.) e abstención ningunha.

E que se someta a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles entendéndose definitivamente aprobado se rematado o devandito prazo non se presenta reclamación ningunha, todo isto de conformidade con artigo 169 do RD 2/2004.

3016.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 17/2007, CRÉDITO EXTRAORDINARIO.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xullo de 2007 que di o que segue: "Dáse conta do expediente que consta dunha memoria da alcaldía de data 12 de xullo de 2007, providencia da alcaldía de data 12 de xullo de 2007, informe da intervención municipal de 12 de xullo de 2007 e certificación da interventora municipal de data 12 de xullo de 2007 sobre a aprobación dunha modificación do orzamento vixente mediante Crédito extraordinario por un importe total de 228.960,00 euros.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación."

A Corporación por unanimidade acordou aprobar a modificación orzamentaria mediante Crédito Extraordinario por un importe de 228.960,00 €.

E que se someta a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles entendéndose definitivamente aprobado se rematado o devandito prazo non se presenta reclamación ningunha, todo isto de

conformidade con artigo 169 do RD 2/2004.

3017.- CONTRATACIÓN, PROPOSTA ADXUDICACIÓN CASA DA CULTURA DE RAXÓ.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de xullo de 2007 que di o seguinte: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta do expediente e da acta da Mesa de Contratación de data doce de xullo de 2007, para propoer a adxudicación das obras comprendidas dentro do proxecto da Casa de Cultura de Raxó, para a que se presentaron as seguintes empresas: TAELPO, S. COOP; CONSTRUCTORA EDISERPO, S.L.; ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.; SEIXO, OBRAS Y EDIFICACIONES; PROINSA, S.A. Na devandita sesión acordouse por unanimidade de asistentes propoer a adxudicación da obra á empresa Professional Interservices, S.A (PROINSA) que deberá executar as mesmas polo orzamento de 1.197.159,45 euros, e as melloras cuantitativas ofertadas polo importe de 45.130,78 euros, melloras cualitativas ofrecidas polo importe de 12.845,06 euros e prazo de execución de 8 meses, por ser a proposición máis ventaxosa para os intereses municipais, todo isto á vista do informe emitido polos técnicos redactores do proxecto.

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente a proposta da Mesa de Contratación e propoer ao Pleno a súa aprobación."

A Corporación por unanimidade e de conformidade co ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda acordou adxudicar as obras comprendidas dentro do proxecto "Casa da Cultura de Raxó" á empresa "Professional Interservices, S.A. (PROINSA) polo prezo de 1.197.159,45€, melloras cuantitativas ofertadas polo importe de 45.130,78 €, melloras cualitativas por 12.845,06 € e prazo de execución de 8 meses; acordando nomear directores de obra a D. Miguel Ángel Muñoz Fernandez e D. Enmanuel Romero Parra e ao Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote.

Así mesmo, a empresa adxudicataria, como requisito previo e necesario á formalización do contrato, deberá constituir na Caixa da Corporación do Concello, no prazo de 15 días hábiles, fianza definitiva por importe equivalente ao 4% do prezo do contrato.

E que se comunique este acordo a todas as empresas presentadas, así como á Intervención Municipal.

3018.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 18/2007, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Tendo en conta que este asunto non foi ditaminado previamente pola comisión informativa correspondente, a corporación por unanimidade acordou ratificar a inclusión deste asunto na orde do día do pleno, procedéndose á súa discusión.

Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado que consta dunha proposta de data 26 de xullo de 2007 da Concelleira Delegada de Vías e Obras propoñendo que se realice un cambio de financiamento por importe de 60.000 € entre a partida 441.60100 e a partida 432.62300 de modo que esta última pase a estar financiada no seu importe de 60.000 € por un préstamo solicitado e a partida 441.60100 pase a estar financiada, por importe de 60.000 € por a enaxenación de parcelas e por importe de 40.000 € co préstamos solicitado e realizar unha transferencia de crédito aumentando o crédito da partida 432.62300 por importe de 23.000 € e minorando o crédito da partida 441.60100 adicada ao POL 2007 polo mesmo importe.

Así mesmo dáse conta do informe favorable emitido pola Intervención Municipal da mesma data.

Sometido á votación a aprobación do expediente de modificación orzamentaria 18/2007, transferencia de crédito, esta quedou aprobada por unanimidade, así como o cambio de financiación mencionado.

E que se someta a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles entendéndose definitivamente aprobado se rematado o devandito prazo non se presenta reclamación ningunha, todo isto de conformidade con artigo 169 do RD 2/2004.

3019.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTES DO CONSELLO PLENO DA RADIO MUNICIPAL DE POIO.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte do día 16 de xullo de 2007 onde se acordou deixar pendente a designación dos representantes do Consello Pleno da Radio Municipal de Poio para o presente Pleno.

A continuación solicítase aos distintos grupos políticos que designen o seu representante quedando da seguinte maneira:

Proposta do BNG: Silvia Díaz Iglesias.

Proposta do P.P.: Miguel Ángel Martínez Nacemento.

Proposta do PSOE: Gregorio Luis Agís Gómez.

3020.- DESIGNACIÓN REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DA IGUALDADE E BENESTAR.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da escrito de data 20 de xullo de 2007 remitido polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar solicitando a designación dos representantes deste Concello na Asemblea Xeral no devandito Consorcio.

Dándose conta igualmente da proposta da alcaldía de data 27 de xullo de 2007 propoñendo como representante deste Concello na Asemblea Xeral do Concello a D. Luciano Sobral Fernández.

A Corporación con 10 votos a favor (7 B.N.G. e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións (P.P.) acordou aprobar a proposta da alcaldía de data 27 de xullo designando como

representante a D. Luciano Sobral Fernández, que contará con dous votos de conformidade co artigo 10 dos estatutos aprobados do devandito Consorcio.

3021.- DAR CONTA DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PATRIMONIO SOBRE ELECCIÓN DE VICEPRESIDENTE E DETERMINACIÓN PERIODICIDADE DAS SESIÓNS.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta polo Sr. Secretario do ditame emitido pola Comisión Informativa de Patrimonio realizada o 31 de xullo de 2007 e que di o que segue: "Dase conta do Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2007 polo que se designa Presidente desta Comisión informativa ó concelleiro D. Xosé Luis Martínez Blanco e da proposta da Alcaldía da mesma data pola que se propón que as sesións desta Comisión se realicen tódolos martes de cada semana as 09,00 horas da mañán.

Ós efectos de elixir vicepresidente desta Comisión, os membros desta Comisión, propoñen e designan como vicepresidente ó concelleiro D. Gregorio Luis Agis Gómez

Do mesmo xeito os membros desta acordan prestar conformidade á proposta da Alcaldía, establecendo que as sesións desta Comisión Informativa se realicen as 9,00 horas do último martes de cada mes en primeira convocatoria e quince minutos mais tarde en segunda convocatoria e no caso de este non fose hábil a sesión realizarse o primeiro día hábil seguinte."

A Corporación dáse por enterada.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-
Prodúcense as seguintes preguntas:

A Sra. Nieto García pregunta porque non se trataron as mocións que presentaron na Comisión de Urbanismo na que se acordou que pasaran ao Pleno.

O Sr. Secretario contesta que mediante escrito da alcaldía remitíronse a XESTUR para que informe o que proceda.

O Sr. Alcalde di que o prazo de presentación remata hoxe xa que se demorou por culpa das publicacións dos propietarios descoñecidos, e as mocións xunto coas reclamacións remitíronse a XESTUR.

O Sr. Barreiro Lubián di que de todas as formas a xente que presenta faino en virtude dun prego que foi aprobado e estas mocións o único que pretenden é a modificación dese prego.

A Sra. Nieto García di que se estas mocións non se presentan non sería posible a reserva de solo en especie, o que teñen dereito os expropiados e que agora sería o momento de reservar.

O Sr. Barreiro Lubián di que son pregos comúns para toda Galicia, trátase dun procedemento e sistema común como o de calquera expropiación, similar a unha carretera, o que non se pode facer é reservar por reservar; o que houbo neste tema foi moita

especulación co prezo dos terreos.

O Sr. Moldes Martínez di que hai xente con moito terreo e ao mellor teñen a intención de facer algo no polígono e deberían ter prioridade, sendo lóxico que se de a oportunidade de comprar aos propietarios.

O Sr. Martínez Blanco di que o que agora estades a dicir é o que nos diciades a nós na campaña electoral.

O Sr. Agís Gómez di que o obxectivo non é obter unha parcela.

O Sr. Barreiro Lubián di que agora é inviable facer unha modificación dos pregos.

O Sr. Domínguez Álvarez pregunta se se reparou o fallo do subministro eléctrico, xa que non hai luz en Samieira, na estrada que vai a Meaño, e o problema ven de días atrás.

A Sra. Besada Lores di que o problema está solventado xa que saltou o transformador.

O Sr. Domínguez Álvarez reitera que o problema ven de atrás.

O Sr. Martínez Blanco di que a obriga del é poñer en coñecemento do concello o problema do subministro de luz.

O Sr. Alcalde di que no Concello non hai coñecemento e que os veciños non chamaron que de todas maneiras comprobaranse as mensaxes.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e dez minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretario provisional dou fe.